



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### **CIRCULAR 54/2015**

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO DE GALICIA JUNIOR, PROMESA, ABSOLUTO E VETERÁN DE MEDIO MARATÓN (Petín, 20 de Setembro de 2015)**

**Art. 1)** A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en O Barco e o Concello de Petín organizarán o vindeiro 20 de Setembro de 2015 en Petín o **Campionato de Galicia Junior, Promesa, Absoluto e Veterán de Medio Maratón.**

**Art.2)** No Campionato de Galicia poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2014/15) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

\*Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non esten nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galego

**Art. 3)** A saída terá lugar ás 11:00 horas na Plaza de Petín. O circuito percorrerá os concellos de Petín, A Rúa de Valdeorras e Villamartín de Valdeorras.

**Art. 4)** A proba celebrarase sobre a distancia de 21.097 Km. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

**Art.5)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 15 de Setembro do 2015**

**Art. 6)** Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 2 horas e 50 minutos dende o comezo da proba.

**Art.7)** Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.8)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.9)** A organización establecerá distintos controis polo circuito para controlar o paso dos participantes.

**Art. 10)** O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse verbalmente ó xuíz árbitro (o un(a) secretaria da competición) como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados provisionais.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

**Art.11)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

**Art. 12)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 21 de setembro de 2015